

PROTOCOLO COVID - IX BTT Concello de Rianxo

O obxecto deste protocolo é establecer as medidas de prevención a adoptar no desenvolvemento da **IX BTT Concello de Rianxo** para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

AVALIACIÓN DOS RISCOS DE TRANSMISIÓN DE SARS-COV-2 (en base ao documento do Ministerio de Sanidade "Recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto de nova normalidade por COVID-19 en España de data 16 de setembro de 2020"):

- A proba deportiva percorre os Concellos de Rianxo, Dodro, Rois e Lousame, todos eles calificados como zona de nivel de restrición baixa-media.
- A celebración deportiva é ao aire libre e discorre fundamentalmente por zonas rurais e de monte.
- Os participantes dispoñen de 3 percorridos diferentes, o que facilita a dispersión dos deportistas durante a competición.
- A saída e a chegada é na zona portuaria de Rianxo, cun espazo acotado para os deportistas e membros do staff (organización, prensa, medios de protección...). O espazo reservado é tal que permite que os inscritos, na súa totalidade permanezan no recinto mantendo a distancia de seguridade persoal de 1,5 metros.
- Para participar na proba e polo tanto acceder ao recinto é preciso o **certificado de vacinación con pauta completa** ou, no caso de non estar vacinado, test antixenos/pcr negativo que deberán realizar entre as 72 e 24 horas previas a celebración do evento.
- Os participantes proveñen maioritariamente da Comunidade Autónoma Galega. No caso de participantes de outras comunidades, estes deben comunicar con antelación ás autoridades sanitarias autonómicas galegas adeportistas son básicamente galegos/as. Os participantes de comunidades autónomas distintas a Galicia deben comunicarlle con antelación ás autoridades sanitarias autonómicas galegas a relación das persoas integrantes da expedición trasladada a Galicia **SEXAN RESIDENTES EN GALICIA OU NON, QUE PROVEÑAN OU ESTIVISEN NOS ÚLTIMOS CATORCE DÍAS EN TERRITORIOS DE ALTA INCIDENCIA EPIDEMIOLÓXICA POR COVID-19, DEBEN TER EN CONTA SE TEÑEN A OBRIGA DE REXISTRARSE A TRAVÉS DE** <https://www.sergas.es/Saude-publica/benvida-viaxeirxs>.

Tendo en conta os puntos anteriores en baseándonos no documento de referencia citado ao inicio do parágrafo, a valoración do nivel de risco do evento é MEDIA – BAIXA.

Co fin de minimizar o risco de contaxio, a proba seguirá de forma estrita o "Protocolo de actuación para a volta da actividade ciclista fronte a COVID-19" da Federación Galega de

Ciclismo e este "Protocolo FISICOVID-DXTGALEGO IX MARCHA BTT CONCELLO DE RIANXO" con data 13/02/2022".

Ambos documentos serán de obrigado cumprimento por parte de todas as persoas que forman parte da proba (staff, organización, participantes, medios de comunicación, etc...)

1. Medidas xerais (publico, deportistas, organización...)

- Todos os axentes que participan directa ou indirectamente na realidade deportiva deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición a ditos riscos.
- Manterase a distancia de seguridade interpersonal de 1.5 mts. e utilizarase máscara, en todo momento salvo no caso dos deportistas coas excepcións establecidas neste protocolo e unicamente no momento de práctica deportiva na competición.
- Cando non se utilice, é importante gardala axeitadamente para evitar que adquira e transmita o coronavirus.
- Evitar lugares concorridos.
- Evitar en todo momento o saúdo con contacto físico.
- Utilizar panos desbotables e tiralos á papeleira, tras cada uso.
- Asegurarse de manter unha boa hixiene respiratoria. Iso significa cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao tusir ou esberrar. Neste caso, desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans.
- Lavar con frecuencia as mans con agua e xabón ou con xel hidroalcolico.
- Na medida do posible, evitar tocar os ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.
- As persoas que teñan algún síntoma compatible con estar infectado por COVID-19, como febre, tose, dificultade respiratoria etc., non deberán asistir ao evento deportivo, deberán quedar na casa e poñerse en contacto canto antes co seu médico.
- As persoas que tiveran contacto estreito recentemente con algún paciente infectado por COVID-19 non deberán acudir a competicións deportivas e deberán quedar na casa ata finalizar o período de corentena indicado polas autoridades sanitarias. De non estar xa en contacto co sistema sanitario, deberán poñerse en contacto canto antes.
- Os pacientes que deran positivo a proba para detección do COVID-19 e non estean de alta, non poderán saír da casa, polo que non poderán acudir a ningunha proba deportiva.
- Desprazamentos aos adestramentos e ás competicións:
- Non compartir vehículo particular con outras persoas non convivintes, sempre que sexa posible.
- De non ser así, priorizar formas de desprazamento que favorezan a distancia

interpersoal e, en todo caso, utilizar máscara.

- Ademais é importante un asiduo lavado de mans ou emprego de xel hidroalcolico antes de entrar e despois de saír do vehículo.
- Non se deben compartir alimentos bebidas ou similares. Recoméndase marcar os envases utilizados para evitar confusións
- O evento poderá contar coa presenza de público

2. Requisitos e documentación obrigatorios para participar

- O requisito obrigatorio para participar será a presentación do **certificado de vacinación con pauta completa ou, no caso de non estar vacinado, test antixenos/pcr negativo que deberán realizar entre as 72 e 24 horas** previas a celebración do evento.

No caso da vacinación con pauta incompleta, os deportistas deberán presentar o certificado de test antixeno ou pcr negativo.

- **Declaración responsable.**
- **Autorización** no caso dos menores de idade (14 a 17 anos).

3. Desenvolvemento da proba

- Antes da competición
 1. Só os deportistas poden acceder á oficina da proba e á zona delimitada para a saída.
 2. Os deportistas terán que portar a máscara para acceder ao circuíto.
- Durante a competición
 1. Distancia de seguridade en toda a formación de saída, que se dispoñerá en tantas ringleiras como sexa posible deixando unha separación lateral de 1,5 mts entre cada ciclista unha distancia entre o corredor de adiante co de atrás de 2 mts.
 2. Participantes con máscara e separación de 1,5 metros.
 - 3.- A máscara será obrigatoria durante toda a parte neutralizada do circuíto (1,8 km. polo casco urbano e estrada DP-7202).
 - 4.- No resto da proba só será obrigatoria cando non sexa posible gardar a distancia de seguridade.
 4. O persoal auxiliar e técnico poderá permanecer no circuíto nas zonas habilitadas, antes do acceso á mesma deberán desinfectar as mans no punto de xel hidroalcolico que poñerá a disposición a organización. E sempre con máscara.
- Despois da competición
 1. Todo corredor que pase a liña de meta poñerá a máscara. A organización poderá entregarlle unha nova a cada deportista,

2. Haberá duchas no pavillón de Rianxo. Tendo en conta as obrigas de desinfección vixentes na normativa, recoméndase limitar o seu uso aos casos de maior necesidade.

4. Haberá zona de lavado de bicicletas con punto de xel hidroalcolico.

5.- Todo deportista, auxiliar, técnico que non cumpra estas normas, prohibiráselle estar automaticamente na zona da proba.

4. Comunicación e seguimento de sintomatoloxía covid-19

- No caso de que un membro do staff, deportista, etc., teña sintomatoloxía do virus covid-19, deberá informar de xeito inmediato ao servizo galego de saúde para iniciar o protocolo previsto pola consellería de sanidade.
- Neste senso, considérase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.
- En caso de detección dun sospeitoso por COVID-19 no entorno da práctica deportiva, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. A persoa afectada retirarse do grupo e conducirse a outro espazo, facilitándolle unha máscara cirúrxica.
- Este espazo deberá ser elixido previamente, e debería contar con ventilación adecuada, e unha papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar.
- Contactarase co centro de saúde correspondente á persoa ou co teléfono de referencia e seguirán as súas instrucións. Se se percibira gravidade chamarase ao 061.
- Haberá que realizar unha boa ventilación, limpeza e desinfección deste espazo e do resto das estancias onde estivera a persoa, acorde á situación do risco. Será preciso tamén illar o contedor/papeleira onde se depositaran os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito no lugar onde se determine. En todo caso, seguiranse en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias.